- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Trending Now	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos.	PE	70
CA1.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar criticamente os contidos dos textos propostos.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.	Aplicar estratexias de reading e listening.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar ideas xerais de xeito comprensible.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar ideas xerais de xeito comprensible.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto.	Aplicar estratexias de writing e speaking		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Aplicar estratexias comunicativas		
CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas con achegas propias.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística.	TI	30
CA2.1 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa.		
CA2.2 - Utilizar estratexias, recursos e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira de forma creativa (combinándoos e xerando outros novos), con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e

Contidos

- contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os seis módulos do Student's Book divídense en tres seccións de catro páxinas que subministran o vocabulario e a gramática precisos para afrontar a tarefa coa que conclúe cada unha. Hai dous textos por módulo baseados en material auténtico. Tamén se presentan tres grupos de vocabulario temático contextualizado en cada módulo, con lecturas engadidas, e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario que se aprendeu con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nos propios módulos, o que proporciona un xeito natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática cubre todos os requisitos do novo currículo oficial. A sección Grammar Lab contén cadros gramaticais presentados de maneira clara e tamén exercicios adicionais para repasar e practicar.

Tamén conta con unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos practicar de xeito útil en distintas situacións da vida real; cada módulo inclúe un vídeo

comunicativo con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades engadidas de comprensión e expresión oral en todos os módulos que desenvolvan destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos a comunicarse de xeito eficaz no mundo real.

Ao final de cada módulo está o apartado Life Skills Extra, que se centra no inglés funcional que se emprega en situacións comunicativas reais e conta cun vídeo con situacións cotiás que expoñen ao alumnado a linguaxe real e actividades de comprensión e produción oral.

A Interactive Classroom atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Todos os módulos contan cun proxecto colaborativo que traballa habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais. Ademais, inclúe unha Techno Option.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- 1.- Libro de texto Think Ahead 4 Student's Book.
- 2.- Libro de exercicios Think Ahead 4 Workbook.
- 3.- Versións dixitais dos libros anteriores.
- 4.- Interactive Student Think Ahead 4.
- 5.- Materiais impresos e dixitais de Think Ahead 4 All-in-One Pack.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	16	17	16	18	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

De acordo co establecido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolver o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, a avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado,

estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos de aprendizaxe.

- Sumativa, pola propia natureza da materia que esixe unha demostración da competencia comunicativa en todas as destrezas ao termo de cada trimestre.

Para a cualificación trimestral contaremos coa seguinte ponderación segundo as diferentes destrezas:

BLOQUE 1:

1. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita e/ou táboa de indicadores con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar ou preguntas de resposta curta, etc...

2. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita e/ou táboa de indicadores con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar ou preguntas de resposta curta, etc...

3. PRODUCCIÓN ORAL, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10): 15%

Instrumentos de avaliación: táboa de indicadores

4. PRODUCCIÓN ESCRITA, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10): 20%

Instrumentos de avaliación: táboa de indicadores e proba escrita (10% proba escrita + 10% outras tarefas)

BLOQUES 2 e 3:

5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE E INTECULTURALIDADE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3 + CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 15%

Instrumentos de avaliación: táboa de indicadores e/ou tarefas escritas, e diario de aprendizaxe do alumnado

Cómpre resaltar que na avaliación das direntes detrezas e bloques anteriormente sinalados, o alumnado terá que poñer en práctica con corrección e fluidez os continudos asociados, incluíndo as unidades lingüísticas, léxicas e fonolóxicas traballas na aula que se presentan como un saber integrado avaliable en calquera dos bloques.

A avaliación final da materia acharase coa ponderación das tres avaliacións conforme ás seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40%

A avaliación final ordinaria será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado recuperará unha avaliación suspensa si aproba a avaliación seguinte. Si suspende a última avaliación, terá un exame escrito sobre aspectos lingüísticos de gramática, vocabulario, comprensión y expresión escrita.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada alumno ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son quen de acadar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada un. Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook, pois, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outra, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

A motivación do alumno para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivera até ese momento e, por outra, do proceso de aprendizaxe que se segue. Isto influirá tanto no nivel de motivacións individuais coma na maneira máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Xa se sabe queos alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns poden reaccionar moi rapidamente e, porén, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar conscienciadamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tense en conta or exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, que incluídas no Student's Book por medio de breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para poñer en práctica a gramática que se aprendeu. Isto complementase con táboas gramaticais na sección Grammar Lab (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que os/as axudan a aprender e repasar o que se presentou paso a paso, en especial a aqueles que non empreguen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todos os módulos tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos a outros, dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book coma no Workbook. Ao final do Student's Book inclúense un apéndice con táboas gramaticais e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios engadidos e unha listaxe de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así coma un apéndice gramatical e unha guía de escrita na lingua dos alumnos para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dunha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por módulo (Progress Check e Standards Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/thinkahead4 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do Workbook.

Con este método preséntase a ferramenta IS Interactive Student, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos/as estudantes: Flipped Classroom subministra aos alumnos/as a oportunidade de preparar as actividades de vocabulario e gramática antes de asistir a clase. Wordlist and Activities inclúe unha listaxe interactiva de palabras e actividades para practicar a ortografía e o vocabulario. Extra Practice conta con exercicios autocorrixíbeis para practicar o vocabulario e a gramática que se estudaron no Student's Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Dialogue Builders ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Techno Help subministra axuda e recursos para facer os proxectos online do Student's Book. Communication, Life Skills, Culture and Literature Videos permiten aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos na casa. O Learning Management System (LMS) online permite ao profesorado seguir o traballo de cada estudante. WordApp ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listaxes interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles practicar e consolidar o vocabulario no momento en que queiran. Preséntase un novo recurso lingüístico chamado Interactive Student, que inclúe diversas ferramentas interactivas para axudar aos alumnos/as na súa aprendizaxe: Interactive Wordlist, cun glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario; Interactive Grammar, que contén exercicios gramaticais con autocorrección; Dialogue

Builders, desde onde se practica a linguaxe funcional mediante diálogos; e Techno Help, que ofrece axuda e recursos para realizar as actividades Techno Option. A través do sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), o profesor/a pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno/a en Interactive Student, e así poder avaliar o progreso dos alumnos/as en xeral e as necesidades específicas dalgún alumno/a en particular.

O Teacher's Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de ditado, comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar engadida, alén de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O Teacher's All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así coma exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece seis exames (un por módulo) con dous niveis de dificultade, tres exames trimestrais en dous niveis de dificultade, dous finais e tres exames de competencias clave, para poder elixir o máis axeitado segundo a capacidade de cada alumno/a. Tamén subministra un exercicio engadido por módulo de expresión oral para realizar en parella ou en grupo. E ademais inclúe follas de traballo, que se dividiron da seguinte maneira:

- Extra Practice: subministran práctica engadida co mesmo nivel que o que se presentou no módulo.
- Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos que se adquiriron dunha maneira máis significativa e motivadora.

Tamén dispoñemos de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais enteiramente interactivas do Student's Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Ediable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editábel; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos/as estudantes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emorendemento social e empresarial			X			
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico	X	X				
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X			X	X
ET.8 - Igualdade de xénero						X
ET.9 - Creatividade			X			
ET.10 - Acción polo clima					X	
ET.11 - Educación de calidade	X	X	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura	X	X	X			X
ET.13 - Saúde e benestar	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres					X	

Observacións:

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, nosentido de que todas s aprendizaxes contribúen a su consecución. Do mesmo xeito, a consecución de cada unha das competencias clave contribúe á consecución de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, á úa vez, adquírense y desenrolanse a partires das aprendizaxes que se producen en el conxunto das mesmas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao cine	Ver unha película en inglés para posteriormente traballar sobre diferentes aspectos.		X	

Observacións:

Posibilidade de asistir a unha película de cine en inglés.

O alumnado terá a oportunidade de asistir a unha película lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas respondendo a un cuestionario e/ou contestando a preguntas relacionadas co tema visto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Metodoloxía empregada
- Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade. Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. - Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela. - Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. - Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos. - Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
- Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten. - Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
- Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita. - Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as. - Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Darase resposta a un cuestionario con estes indicadores ao final de curso e incorporárase á memoria de departamento.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións de departamento mensuais, os seus membros analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos. O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados